

RESOLUCIÓN de 3 de maio de 2017, da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de un posto de traballo vacante de persoal diplomado sanitario.

De conformidade co establecido nas seccións segunda e cuarta do capítulo VI, e demais disposicións concorrentes, do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde; e nos capítulos I, III e V, e demais disposicións concorrentes, da Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (DOG 5/6/06), en exercicio da competencia delegada no art. 5º da Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVO:

1º.-Convocar, polo sistema de libre designación, sen adicación exclusiva as funcións de xefatura ou coordinación, o posto de coordinador/a de enfermería do Servizo de Atención Primaria (SAP) A Ponte-tarde, de Ourense.

2º.-Poderá concorrer o persoal estatutario fixo en situación de servizo activo nalgunha das categorías de diplomados sanitarios que esté adscrito as unidades do servizo que se convoca.

Tódolos aspirantes deberán acreditar un mínimo de **tres anos** de experiencia profesional en categoría habilitante para o acceso o posto.

3º.- As solicitudes para participar nesta convocatoria dirixiranse por escrito ao Xerente de Xestión Integrada (5º andar do Edificio Círxico, R/Ramón Puga nº 52-54, 32005 Ourense), segundo o modelo que se inclúe como Anexo desta resolución, que está a disposición dos interesados na xerencia e na intranet da EOXI.

Poderanse presentar en calquera dos rexistros públicos previstos no art. 16.4 da lei 39/2015, de 1 do outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, no prazo de **quinze días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Deberán xuntarlle á solicitude o *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os requisitos e méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados documentalmente non serán tidos en conta.

4º.-Esta convocatoria será resolta polo xerente. A resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e poderá declararse deserta.

5º.-O concursante que obteña praza cesará na que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución. O cese producirase ao final da xornada laboral.

A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse ao inicio do primeiro día hábil seguinte ao do cesamento.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario e será declarado na devandita situación polo órgano competente quen non se incorpore ó posto adxudicado no prazo establecido.

6º.-A incorporación do adxudicatario conleva o cese automático de quen viñera desempeñando as funcións.

7º.- O seleccionado percibirá as retribucións que correspondan segunda a lei anual de orzamentos e orde de confección de nóminas.

8º.-No non previsto nesta resolución estarase o disposto nos referidos Decreto 206/2005, de 22 de xullo, e Orde de 24 de maio de 2006, e demais normativa legal ou regulamentaria que sexa de aplicación.

Disposición final.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo de **un mes** dende a notificación, conforme ao disposto nos artigos 112, 121 e 122 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

A resolución terá entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no DOG.

Ourense, 3 de maio de 2017

XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA

DIONISIO LÓPEZ BELLIDO

